



Planificación en caso de suspensión das clases presenciais

EDUCACIÓN INFANTIL

Atendendo ás indicacións feitas desde a administración, facémosvos chegar este documento onde indicamos, de seguido, a planificación prevista en Educación Infantil, no caso decretarse a suspensión de clases presenciais.

Unha vez se vos comunique a suspensión de clases presenciais no colexio, no caso de Educación Infantil, estas pasarán a realizarse de modo "online", do seguinte xeito:

- **ORGANIZACIÓN DO TRABALLO:**

- Todas as propostas serán publicadas, periodicamente, no curso creado na aula virtual da web do colexio. Na categoría de infantil existe un curso chamado "*Planificación do ensino mixto – online, no caso de suspensión de clases*", con acceso como convidado, onde se irán publicando as diferentes propostas. (ver no reverso deste documento como acceder)

- **ASAMBLEAS ONLINE (Webex):**

- Establecerase un horario de assembleas por vídeo-conferencia, nun horario e datas que serán publicadas no apartado correspondente do curso da aula virtual. Este horario será elaborado a partir da dispoñibilidade horaria das familias, de xeito que sexa posible. As reunións terán lugar nas salas de "Cisco-Webex" que se sinalen no citado apartado.

- **PROPOSTAS DE TRABALLO (aula virtual):**

- No citado curso da virtual, atoparás diferentes propostas que permitirán continuar de forma online, o traballo que se estaba a desenvolver na aula antes da suspensión das clases presenciais.
- Tódalas propostas serán realizadas a través dun vídeo gravado polos respectivos mestres, en nas propias assembleas por vídeo-conferencia.
- Nas propostas feitas na aula virtual, estarán dispoñibles tódolos documentos para descargar coas propostas de traballo.
- Os traballos serán devoltos usando a conta de e-mail, indicada no citado curso.

- **CONTACTO COAS FAMILIAS: (Abalar Móbil):**

- Usarase a aplicación Abalar Móbil – Espazo Abalar, para manter o contacto continuo coas familias, para todo aquilo que sexa preciso.

- **HORARIO DE ATENCIÓN Á PAIS/NAIS:**

- Establécese un horario de atención ás familias os martes de 17:00 a 18:00, por vía telefónica ou vídeo-conferencias (webex).
- Deberá solicitarse cita previamente para poder organizar estes encontros de titorización.



Como acceder ó curso na aula virtual

1.- Entra na web do centro, na aula virtual:

<http://edu.xunta.es/centros/ceipcervinho>

2.- Escolle a categoría "Infantil"

3.- Escolle o curso: (2020-2021) Planificación do ensino mixto online, no caso de suspensión de clases presenciais

4.- Accede como convidado.

4.- Poderás acceder a tódalas propostas realizadas:

(2020-2021) Planificación do ensino mixto online, no caso de suspensión de clases presenciais

Conteúdo:

- Participantes
- Xeral
- Formas de contacto
- Presentación e explicación do traballo online
- Distribución de propostas da semana actual
- Horario de asambleas online en Educación Infantil
- Rutinas do encargado - calendario online
- Continuamos a investigar na casa: Seguimos co prox...
- Retos motóricos e de expresión musical
- Experimentos... na casa

Resumo do curso:

O presente curso da aula virtual contempla a posta en práctica da planificación realizada na programación e nas diferentes UD-UDI, para o ensino mixto online, no caso de ser preciso como resultado dunha suspensión da actividade lectiva presencial. Só será empregado no caso de que tal feito suceda.

Por este motivo só se crea unha estrutura que será completada, de chegar o momento, co que se estea a traballar nas aulas nese momento, e que poida continuarse nesta plataforma online.

Incluímos tamén aquelas propostas xenéricas, contempladas na programación, que si se levarían a cabo con independencia do momento en que se producise a hipotética suspensión.

Acceso á programación e ás UD-UDIS deseñadas para este curso (tendo en conta un posible ensino mixto)